

MEMORIA **ANUAL** 2020



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

EDITA:

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG)

Co apoio da Dirección Xeral de
Planificación Enerxética e Recursos
Naturais da Vicepresidencia Segunda
e Consellería de Economía, Empresa e
Innovación

FOTOGRAFÍAS:

Cámara Oficial Mineira de Galicia.

Empresas membro da COMG (Caolines de
Vimianzo, Magnesitas de Rubián, Balneario
de Lugo, Pizarras Los Tres Cuñados,
Cerámica Campo, Prebetong Áridos, David
Fernández Grande, Erimsa, Fontecelta).

Imaxes seleccionadas do concurso de
fotografía Enfoca.RME e MULLE.Rme 2020

Imaxe do presidente: La Voz de Galicia,
Ana García (páx 28)

FONTES:

- Estatística Mineira de España (2019)
elaborada pola Secretaría de Estado
de Enerxía (Ministerio para a Transición
Ecolóxica e o Reto Demográfico).
- Ministerio de Industria, Comercio e
Turismo.
- Catastro Mineiro de Galicia.
- Instituto Galego de Estatística.
- Instituto Geológico y Minero de España.

DESEÑO E COORDINACIÓN:

Bannister Global

DEP. LEGAL: C 502-2021

DATOS DE CONTACTO:

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG)

Juan Flórez 33-35, entreplanta esquerda,
15004 A Coruña

Teléfono: 981 139 663

cmg@camaraminera.org

www.camaraminera.org

MEMORIA **ANUAL** 2020



Cámara Oficial
Mineira de Galicia







ÍNDICE

1. CARTA DO PRESIDENTE	8
3. UN SECTOR ESTRATÉXICO	10
Do corazón da terra ao da nosa industria	12
A minaría galega en cifras	13
O compromiso da minaría con Galicia	13
Evolución da produción en toneladas	14
2. A MINARÍA EN 2020	16
O ano da COVID-19	18
A resposta da Cámara	22
4. A CÁMARA	24
Quen somos?	26
Que facemos?	27
Órganos de goberno	28
Un ano de cambios	30
5. MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA	32
6. O EXERCICIO 2020	38
Representación do sector	40
Participación en eventos e reunións	41
Defensa do sector	46
Asistencia técnica	52
Medio Ambiente e Integración do Territorio	54
Patrimonio	55
Seguridade e saúde	56
Formación	58
Comunicación	60

CARTA DO PRESIDENTE







CARTA DO PRESIDENTE

A minaría entra en 2021 coa incertidume xerada pola pandemia, e moi tocada como tantos outros sectores. Na COMG temos a forza para impulsala; se algo sacamos en claro desta crise é a necesidade de reforzar a industria galega e europea fronte a outros sectores máis inestables. E é aí onde se nos require: para proporcionar as materias primas necesarias e autóctonas. Apostar polas materias primas locais non só significa a redución de emisións de CO₂ polo transporte, asegurar a cadea de subministración que precisa a nosa industria, protexernos fronte ao control global e a posibles peches de fronteiras; senón que tamén se traduce no aumento da cadea de valor, postos de emprego, en desenvolvemento, aquí, en Galicia.

Os minerais son a base da construción, da tecnoloxía, da saúde, da mobilidade sostible, das enerxías renovables, do futuro... O cambio de modelo produtivo e a dixitalización dependen dos minerais e dos profesionais que os recuperan. Non podemos esquecer que na base de todo o que consumimos hai materiais que proveñen das minas, canteiras e mananciais, e a dispoñibilidade de materias primas sostibles é especialmente crítica para a industria da Unión Europea.

Debemos mirar cara ao futuro, en como pode o noso sector contribuír ao desenvolvemento e á saída desta crise, empregando os fondos de recuperación económica Next Generation, que marcarán o camiño sentando as bases para unha Europa moderna e sostible. En Galicia temos a sorte de contar cunha riqueza singular no noso subsolo; é o momento de aproveitala empregando as mellores técnicas sustentables, como xa fan moitas das nosas empresas mineiras, referentes en Europa.

En relación co uso destes fondos, recentemente a COMG presentou dúas propostas ao MITECO, dentro do marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR): A primeira delas céntrase no impulso da creación dunha comunidade enerxética local con sede nas minas e cantei-

**Juan José López Muñoz**

Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

MÁIS MINARÍA PARA SAÍR DA CRISE COVID

ras, mentres que a segunda pretende fomentar a economía circular na procura de materias primas críticas. Ámbalas dúas foron aplaudidas polo IGAPE e a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

En 2021 a Cámara seguirá promovendo os intereses do sector, que son os da propia sociedade. Para iso continuaremos levando a cabo tarefas de asistencia á Administración na convocatoria de novos concursos mineiros que permitan o acceso ao recurso, así como na dixitalización dos trámites mineiros, para dispor dunha burocracia áxil que facilite o emprendemento e o benestar económico e social.

Non podo rematar esta carta sen darlle as grazas aos equipos que me precederon nesta directiva e que fixeron da COMG a entidade forte e innovadora que é neste momento.

En primeiro lugar quero recoñecer o gran labor de Juan de Dios Martín Aparicio, que deixou o seu cargo tras 7 anos ao fronte da presidencia;

e a Diego López González, director durante máis dunha década. Xuntos levaron a COMG a outro nivel, sempre coa defensa do sector mineiro galego e aos seus traballadores como obxectivo; facendo que todos os subsectores estivesen representados e unidos. Non faltan fitos salientables nestes anos, coma o desenvolvemento dunha ferramenta única como é o Catastro Mineiro de Galicia ou o lanzamento da plataforma Minaría Sostible de Galicia.

Agradecerlle tamén a José Lista Tasende o seu labor durante o seu breve mandato, coa vista posta sempre máis aló, en facer unha minaría moderna, referente en Europa.



UN **SECTOR** ▶ **ESTRATÉGICO**





DO CORAZÓN DA TERRA AO DA NOSA INDUSTRIA

Durante 2020, ante a crise da Covid-19 e a conseguinte recesión económica protagonizada polo sector terciario, quedou de manifesto que un país necesita unha industria de proximidade e que esta industria só é posible grazas ás materias primas que ofrecen as minas e canteiras.

Galicia atópase nun lugar privilexiado dende un punto de vista xeolóxico. A minaría na nosa terra asentou as bases da civilización e pode ser o motor de futuro ante o novo paradigma que presentan a dixitalización, a economía circular e os novos sistemas de almacenamento enerxético.

▶ LOUSA

Construción, outros usos ornamentais

▶ GRANITO

Pavimentación, mobiliario urbano, outros usos ornamentais

▶ ÁRIDO

Asfalto, formigón, cristal, vidro, papel, pinturas, deterxentes, sistemas de filtrado de augas

▶ CUARZO

Procesos industriais (abrasivo, constituínte do formigón, fertilizantes, illantes...), fabricación de vidro, acendedores, fibra óptica

▶ ARXILA

Tellas, ladrillos, tubos, baldosas, olería, louzas, azulexos e gres

▶ CAOLÍN

Fabricación papel, cerámica, pinturas, vernices, pesticidas, abonos, cosméticos

▶ MAGNESITA

Alimentación animal, fertilizantes e mesturas siderúrxicas

▶ FELDESPATO

Cerámica, louza e vidro

▶ MICA

Illante térmico e eléctrico, pinturas e aplicacións químicas

▶ CALCARIA

Compoñente básico do cemento

▶ DUNITA

Elementos refractarios, industria metalúrxica e cerámica.

▶ TURBA

Agricultura, horticultura e floricultura

▶ COLTÁN

Compoñentes electrónicos

▶ AUGAS MINERAIS

Consumo humano e saúde

▶ AUGAS TERMAIS

Saúde e turismo



▶ A MINARÍA GALEGA EN CIFRAS

- ▶ GALICIA CONSERVA O 4º POSTO A NIVEL NACIONAL NA **PRODUCCIÓN MINEIRA**, CUN **8% DO TOTAL**
- ▶ **LIDERA A PRODUCCIÓN DE ROCHAS ORNAMENTAIS** EN ESPAÑA, CUN 38%
- ▶ EMPREGA CASE O **12% DO SECTOR MINEIRO** EN ESPAÑA.

▶ O COMPROMISO DA MINARÍA CON GALICIA



**MÁIS DE 10.500
FAMILIAS DEPENDEN
DA MINARÍA ▶**

Trátase dun antídoto contra o despoboamento do rural, que favorece o mantemento e desenvolvemento destes núcleos.



**AS PEMES,
PROTAGONISTAS
DO SECTOR ▶**

O 97% dos titulares de dereitos de explotación mineiros son pequenas ou medianas empresas, na súa maioría de capital galego.



**AS MATERIAS
PRIMAS DA
SOCIEDADE ▶**

Satisfixo a demanda galega de materiais de construción con 12 millóns de toneladas.

EVOLUCIÓN ^{DOS} DATOS ^{DE} DE PRODUCCIÓN EN TONELADAS

Tomando como fonte a Estatística Mineira de España (2019) elaborada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica.




ÁRIDOS



2014	2015	2016	2017	2018	2019
8.462.711	9.599.953	8.721.319	8.998.546	10.697.844	11.126.017

CERÁMICA



2014	2015	2016	2017	2018	2019
309.238	406.072	388.756	334.785	263.385	226.393


GRANITO



2014	2015	2016	2017	2018	2019
560.917	562.495	545.161	705.305	379.403	373.261

SOAMENTE SUPERADA POR ITALIA
A NIVEL EUROPEO E CUN
4º POSTO A NIVEL MUNDIAL,
**GALICIA É O PRINCIPAL
EXPORTADOR DE GRANITO
EN BRUTO.**

LOUSA



2014	2015	2016	2017	2018	2019
393.500	463.154	530.684	463.779	392.699	440.319

UN TERZO DA LOUSA
EMPREGADA NAS
CUBERTAS DE TODO
O MUNDO **PRODÚCESE**
EN GALICIA.



ROCHAS INDUSTRIAIS



2014	2015	2016	2017	2018	2019
2.096.157	1.945.075	2.007.757	2.064.161	1.839.274	1.448.384

AUGAS MINERAIS (litros)



2014	2015	2016	2017	2018	2019
363.371.086	336.770.008	356.634.019	364.351.222	395.160.364	417.038.961

LÍDER EN PRODUCCIÓN
DE CUARZO CUN 75% DA
PRODUCCIÓN NACIONAL.



BALNEARIOS (usuarios)



2014	2015	2016	2017	2018	2019
243.509	251.136	258.433	238.949	243.227	253.120

LIDERA O
TURISMO TERMAL
CUN 26% DA COTA DE
MERCADO NACIONAL.

A MINARÍA ▶ EN 2020





o ANO DA COVID-19




O ano 2020 será recordado por todos como o ano da Covid-19. Unha crise sanitaria global que se converteu tamén nunha crise económica que paralizou e afectou a todos os sectores, incluído o mineiro.

A COMG realizou a petición da Xunta de Galicia un informe sobre a situación do sector ante este novo contexto global, para iso contou coa participación de clusters, asociacións e organismos intermedios para obter datos das empresas e así dar unha panorámica global.


PRODUCCIÓN

A PRODUCCIÓN NESTE ANO 2020 AUMENTOU CON RESPECTO AO 2019 NO 30,8% DAS EMPRESAS, PERO POR OUTRO LADO, CAERON EN MÁIS DUN 20% NO 33,3% DAS EMPRESAS. O COMPORTAMENTO FOI MOI DISPAR ENTRE DISTINTOS SUBSECTORES.

% DE PRODUCCIÓN CON RESPECTO AO 2019




% DE FACTURACIÓN CON RESPECTO AO 2019




NO 23% DAS EMPRESAS MINEIRAS A FACTURACIÓN NO 2020 SUPEROU A FACTURACIÓN DO ANO ANTERIOR. **O 38,5% DECLARA FACTURACIÓNS INFERIORES** EN MÁIS DUN 20% CON RESPECTO AO ANO PASADO.

NÚMERO DE CLIENTES DA EMPRESA CON RESPECTO A 2019



PRETO DO 40% DAS COMPAÑÍAS MINEIRAS DECLARARON PERDER CLIENTES DURANTE O ANO 2020, MENTRES QUE **O 10% DELAS AFIRMARON GAÑAR CLIENTES.**

VENTAS. PETICIÓNS DE OFERTAS CON RESPECTO A 2019



PESE A QUE UN BO NÚMERO DE EMPRESAS MANTIVERON OU AUMENTARON O NÚMERO DE CLIENTES (MÁIS DO 60%), A PETICIÓN DE OFERTAS VIUSE REDUCIDA NA MAIOR PARTE DAS EMPRESAS, XA QUE PRETO DO 60% DECLARAN CAÍDAS NAS SOLICITUDES DE OFERTAS.

➤ EMPREGO

As estimacións das empresas son de manter nun 63% dos casos os mesmos postos de traballo. En cambio, nótanse os efectos da crise, xa que o 32% das empresas contan con ter que diminuír o tamaño do cadro de persoal, mentres que tan só o 5% estima que o cadro de persoal da empresa aumentará.


O 24% das empresas recorriron a ERTE ao longo da pandemia, o 45% motivados por causas económicas e o 55% por causas de forza maior.




➤ ÁMBITOS DA CRISE

A crise do covid xerou nas empresas unha serie de problemas cos que tiveron que convivir e que xeraron problemas no transcurso da actividade.

COMO AFECTOU A CRISE DO COVID-19 NA SÚA EMPRESA NOS SEGUINTES ÁMBITOS? ➤



PRINCIPAIS PROBLEMAS ATOPADOS NA ACTIVIDADE MOTIVADOS POLO COVID



INVESTIMENTOS PREVISTOS

A crise do COVID notouse na economía das empresas, que se viron na necesidade de rebaixar e axustar os gastos en case tódolos ámbitos da empresa. Na seguinte táboa resúmese a subida e baixada media que sufriron distintos ámbitos da empresa motivados pola crise do covid 19:

Afección da COVID no/na...	Reducción prevista no 2020
Gasto da empresa relacionada coa RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA ou coa interacción co entorno social onde se ubica a túa empresa	3,1%
Previsión en RESTAURACIÓN	-4,9%
Investimento en I+D+i	-8,9%
Investimento en PROTECCIÓN AMBIENTAL	-5,4%
Investimento en INVESTIGACIÓN MINEIRA	-12,3%
Investimento en FORMACIÓN	4,9%
Investimento en RENOVACIÓN DE MAQUINARIA	-12%

▶ A RESPOSTA DA CÁMARA ANTE A COVID-19



ENVÍO DE MÁSCARAS ▶

A Cámara Oficial Mineira de Galicia fixo entrega dun total de 6.700 máscaras entre as empresas mineiras que así o solicitaron.

Este material de protección foi subministrado a prezo de custo pola Administración autonómica a través do Igape. Unha iniciativa cuxo obxectivo foi facer de 'paraugas protector' de

pequenas e grandes empresas para que puidesen seguir traballando e cumprir con todas as garantías sanitarias.

Para facilitar a repartición deste material de protección, a COMG adheriuse ao sistema de compras centralizado da Xunta de Galicia, axilizando mediante pedidos conxuntos as entregas.

COMUNICACIÓN COAS EMPRESAS DO SECTOR >

A Cámara Oficial Mineira de Galicia axudou ás empresas do sector facendo eco de recomendacións e protocolos para aplicar as novas restricións nun sector tan específico como o extractivo. Entre outros documentos, a Cámara remitiu a membros, socios e facultativos a guía de directrices para a prevención da Covid en explotacións mineiras e plantas de tratamento elaborada pola Comisión de Seguridad Minera pertencente ao MITECO. Así como o comunicado da Xunta de Galicia dando resposta ás dúbidas que xerou no sector a aplicación do RD 10/2020, de 29 de marzo, que regulaba o permiso retribuído recuperable de persoas por conta allea que non prestasen servizos esenciais.

Tamén se compartiu a guía elaborada pola Confederación Española de Industrias Extractivas de


Rochas Minerais e Industriais, o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Técnicos de Minas e o Consello Superior de Colexios de Enxeñeiros de Minas, dando resposta ás dúbidas sobre como actuar para evitar o contaxio do virus tanto en ambientes de traballo xerais como para perfís profesionais específicos.

A COMG fixo partícipes ás empresas mineiras de Galicia do 'Gabinete de seguimento de incidencias por inicio de actividade', do que formaba parte a Confederación de Industrias Extractivas de Rochas e Minerais Industriais (COMINROC) para que as empresas que se viran afectadas por algunha incidencia durante o reinicio da súa actividade puidesen atopar a axuda necesaria para resolvela.



A **CÁMARA**





QUEN SOMOS?

A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA (COMG) É UNHA CORPORACIÓN DE DEREITO PÚBLICO E UN ÓRGANO CONSULTIVO DA ADMINISTRACIÓN, TUTELADA POLA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA, QUE DESENVOLVE AS SÚAS ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES, COLEXIOS PROFESIONAIS, ASOCIACIÓNS SECTORIAIS E EMPRESAS DA COMUNIDADE MINEIRA.



A COMG está formada por todas as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades destinadas á investigación e ao aproveitamento dos recursos xeolóxicos, desde o seu coñecemento ata a súa posta en valor.

Esta entidade representa ao sector industrial dos recursos minerais en Galicia no que se inclúen todos os subsectores:

-  Áridos
  Lousa
-  Augas minerais e envasadas
  Minaría enerxética
-  Balnearios
  Minaría metálica
-  Cerámica
  Rochas industriais
-  Granito

A COMG reúne nunha mesma entidade os intereses públicos e privados para conseguir o mellor aproveitamento dos recursos xeolóxicos co obxectivo de maximizar o seu beneficio para o conxunto da sociedade.

▶ QUE FACEMOS?

AS NOSAS FUNCÍONS ESTÁN RECOLLIDAS NO REAL DECRETO DE 23/09/1921 E NO ARTIGO 6 DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR. A CÁMARA É A REPRESENTANTE FORMAL E PORTAVOZ DO SECTOR MINEIRO GALEGO.



Entre as súas actividades máis destacadas atópanse:

- ▶ **Fomentar o desenvolvemento da industria mineira** e o aproveitamento racional e eficiente dos recursos xeolóxicos.
- ▶ **Representar, defender e promover** os intereses da minaría galega.
- ▶ **Fomentar a ensinanza** da minaría.
- ▶ **Expedir certificacións e designar peritos**, resolver conflitos e promover acordos ante problemas relacionados coa minaría.
- ▶ **Emitir informes ás autoridades e particulares** que o soliciten e propoñer reformas para o desenvolvemento, mellora e fomento da actividade mineira.
- ▶ **Xestionar o catastro mineiro.**
- ▶ **Promover a seguridade e saúde laboral**, a compatibilidade ambiental e a integración territorial paisaxística das actividades mineiras.

Ademais de exercer os seguintes labores:

- ▶ **Informativo:** elaboración e difusión de datos estatísticos, memorias e publicacións divulgativas.
- ▶ **Formativo:** organización de cursos, seminarios e xornadas sobre temas de interese para o sector.
- ▶ **Asesoramento:** tanto a poderes públicos como a socios ou particulares, sobre os aspectos legais, administrativos e técnicos que afectan ao sector.

O desenvolvemento destas actividades por parte da COMG realízase en colaboración con diversos axentes: universidades, colexios profesionais, asociacións sectoriais, empresas, entidades e Administracións, especialmente coa Administración mineira de Galicia a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

ÓRGANOS DE **GOBERNO**

A ORGANIZACIÓN DA COMG ESTÁ RECOLLIDA NO CAPÍTULO II DO SEU REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR E OS SEUS ÓRGANOS DE GOBERNO SON: ASSEMBLEA, XUNTA DIRECTIVA E PRESIDENTE.

ASSEMBLEA

A asemblea é o órgano supremo de goberno e representación da COMG. Forman parte dela as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades mineiras, incluída a restauración do espazo afectado e o tratamento de residuos mineiros, dentro do ámbito territorial de Galicia.

XUNTA DIRECTIVA

A xunta directiva é o órgano permanente de xestión, administración e proposta da COMG. Os seus membros (non menos de 10 e non máis de 40) son elixidos entre todo o electorado da COMG, clasificado en grupos e categorías, segundo determine a asemblea, de forma que teñan representación todos os intereses mineiros. Os cargos de presidente, vicepresidente 1º, vicepresidente 2º, tesoureiro e contador son elixidos polos membros da xunta directiva.

A xunta directiva elixiu o 1 de marzo de 2021 os seguintes cargos:

PRESIDENTE

D. Juan José López Muñoz,
 Caolines de Vimianzo, S.A.U.
(quen substituíu a D. José Lista Tasende, que á súa vez substituíu a D. Juan de Dios Martín Aparicio).

VICEPRESIDENTA 1ª

D.ª Mónica Rodríguez López,
 Porriñesa de Canteiras
(quen substituíu a D. David Fernández Grande)

VICEPRESIDENTE 2º

D. José Antonio Valencia,
 Erimsa
(quen substituíu a D. Juan José López Muñoz, que á súa vez substituíu a D. Saturnino Arias Fraga)

DIRECTOR-SECRETARIO XERAL

D. Miguel Ángel Fortúnez Garea
(quen substituíu a D. Diego López González)

TESOUREIRO-CONTADOR

D. Diego López González,
 Epifanio Campo, S.L.
(quen substituíu a José Luis Fernández Piñeiro, que á súa vez substituíu a D. Benigno Amor Barreiro)

DPT. ADMINISTRACIÓN

D.ª Eva Barrientos Murias

➤ COMITÉS DA COMG

A COMG conta con grupos de traballo encargados de cuestións específicas.



COMITÉ NORMATIVO ➤

Ten a encomenda de realizar un seguimento do proceso de tramitación de novas normas e do proceso de implantación daquelas recentemente aprobadas que poidan ter incidencia no sector mineiro galego.

COMITÉ DE COMUNICACIÓN ➤

Ten a función de mellorar o coñecemento e a imaxe social do sector, así como establecer as directrices de comunicación, tanto externa como interna.

COMITÉ DE PATRIMONIO ➤

Ten a función de poñer en valor o patrimonio xeolóxico e mineiro de Galicia a través de iniciativas de divulgación e promoción.

COMITÉ INNOVACIÓN E SOSTIBILIDADE ➤

En 2020 déronse os primeiros pasos para a creación dun novo comité que se constituíu formalmente o 11 de febreiro de 2021.

Ten a función de investigar novas técnicas e poñer en marcha accións que fagan a actividade mineira de Galicia máis eficiente e respectuosa coa súa contorna, co obxectivo de situar ao sector galego á cabeza da vangarda.

➤ REUNIÓN DO ANO

ASEMBLEA DA COMG ➤

A reunión ordinaria anual da Asemblea tivo lugar o 23 de abril, celebrada por primeira vez na historia da Cámara de maneira telemática.

XUNTA DIRECTIVA ➤

Celebradas seis reunións en 2020:

- 30 de xaneiro
- 5 de marzo
- 14 de maio
- 30 de xuño
- 10 de setembro
- 12 de novembro

UN ANO DE CAMBIOS

O ANO 2020, MARCADO POLA CRISE DA COVID-19, FOI UN ANO DE TRANSFORMACIÓNS A NIVEL GLOBAL E TAMÉN UN ANO DE CAMBIOS PARA A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA, QUE DESDE O SEU COMEZO ESTIVO MARCADO POLA RENOVACIÓN DA SÚA XUNTA DIRECTIVA.



Diego López González



Juan de Dios Martín Aparicio



José Lista Tasende



MIGUEL ÁNGEL FORTÚNEZ GAREA, NOVO DIRECTOR DA COMG

Miguel Ángel Fortúnez Garea incorporouse como director da COMG. O seu nomeamento, levado a cabo por Juan de Dios Martín Aparicio, daquela presidente, foi ratificado na Xunta Directiva celebrada o 14 de maio.

Enxeñeiro de Minas pola Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Minas de Vigo, Miguel Ángel Fortúnez completou a súa formación cos títulos de Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, Máster en Auditorías dos Sistemas de Xestión da Prevención de Riscos Laborais e cun MBA en Dirección e Administración de Empresas.

A súa traxectoria profesional destaca por unha experiencia de 18 anos en postos de responsabilidade na empresa privada.

Miguel Fortúnez relevou a Diego López González, que ocupou este cargo durante os últimos 11 anos. Un período no que levou a cabo unha xestión centrada na posta en valor da minaría de Galicia, mediante a modernización da entidade e en accións de comunicación coa Administración, con outros axentes de interese e coa sociedade en xeral.

ELECCIÓN PARA A RENOVACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA DA COMG ▶

En xaneiro de 2020, en virtude do artigo 37 do Regulamento para o Réxime Interior da Cámara Oficial Mineira de Galicia, o daquela presidente da Cámara, D. Juan de Dios Martín Aparicio, no exercicio das súas funcións, acordou a apertura do proceso electoral para a renovación de membros da Xunta Directiva.

O día 18 de maio de 2020 convocáronse oficialmente as eleccións, un proceso que finaliza coa elección do empresario José Lista Tasende como presidente da entidade.

Ademais, incorporáronse ao equipo directivo Mónica Rodríguez, en representación de Porriñesa de Canteiras (Pocasa), como vicepresidenta primeira; Juan José López, director xeral de Caolines de Vimianzo, como vicepresidente segundo e José Luis Fernández, xerente de Áridos do Mendo, como tesoureiro-contador, cargo que neste momento ocupa Diego López González.

José Lista Tasende (Carballo, 1968), que xa formaba parte da xunta directiva da COMG, foi tamén presidente da Asociación de Áridos de Galicia (Arigal) desde 2016 ata 2020, e presidente da Federación de Áridos española entre 2017 e 2018. Dirixiu ata 2020 Lista Granit, unha empresa familiar dedicada á extracción de áridos e granito, así como á comercialización de materiais de construción.

Lista Tasende substituíu na presidencia a Juan de Dios Martín Aparicio, que exerceu como presidente desde 2013 a 2020, período duran-

te o que foi capaz de impulsar a repercusión da Cámara como altafalante do sector. Enxeñeiro de Montes, exerceu a súa actividade laboral en Galicia desde 1982. Profesor da Universidade Politécnica de Madrid, ocupou altos cargos en diversas empresas mineiras de ámbito estatal, sumando máis de 35 anos de experiencia no sector. Cabe sinalar o seu papel como fundador da Asociación Nacional de Fabricantes de Mortero (AFAM).

JUAN JOSÉ LÓPEZ MUÑOZ, NOVO PRESIDENTE EN 2021 ▶

Tras a renuncia de José Lista Tasende en febreiro de 2021, a Xunta Directiva da Cámara Oficial Mineira de Galicia acordou nomear a Juan José López Muñoz, vicepresidente durante 2020 como o seu novo presidente.

Mónica Rodríguez, directora xeral de Blokdegel, resultou reelixida para ocupar a Vicepresidencia Primeira. A directiva da COMG completouse coa elección de José Antonio Valencia, director xeral de Erimsa, como vicepresidente segundo.

Juan José López, que xa formaba parte da xunta directiva da COMG, é tamén presidente do Comité Innovación e Sostibilidade da entidade e membro do Grupo de Traballo de Sostibilidade de IMA Europe, a asociación europea de minerais industriais. Enxeñeiro de minas, leva 6 anos á fronte da empresa Caolines de Vimianzo na Costa da Morte.

“O sector mineiro ten que recuperar a posición central da axenda económica. Somos o soporte de moitas industrias, o que se traduce en postos de emprego, cadea de valor e desenvolvemento no rural”, explicou o novo presidente da COMG.

MINARÍA SOSTIBLE ^{DE} ▶ GALICIA

Minaría Sostible
de Galicia







**A DÍA DE HOXE A MINARÍA EN GALICIA
SÓ É VIABLE DE XEITO SOSTIBLE,
POLO QUE O FIN DA COMG,
O FOMENTO DA MINARÍA, SE
CONVERTE NECESARIAMENTE NO
FOMENTO DA MINARÍA SOSTIBLE.**

A UNIÓN DA ADOPCIÓN DE PRÁCTICAS
E TÉCNICAS MINEIRAS SOSTIBLES
POLO SECTOR E A NECESIDADE DE
ACHEGALAS Á SOCIEDADE XERAL DEU
COMO RESULTADO A CREACIÓN DA
PLATAFORMA MINARÍA SOSTIBLE
DE GALICIA.

En febreiro de 2019 presentouse oficialmente Minaría Sostible de Galicia. O nacemento desta plataforma xorde en resposta á desinformación que se vén desenvolvendo ao redor do sector extractivo nos últimos anos, cubrindo a necesidade de transparentar as prácticas, as aplicacións e os avances do sector en Galicia.

En Minaría Sostible de Galicia, impulsada pola COMG, participan as seguintes entidades:

- Clúster do Granito
- Clúster da Pizarra de Galicia
- Asociación Galega de Áridos (Arigal)
- Asociación Galega da Propiedade Balnearia
- Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural
- Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense
- Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía (Universidade de Vigo)
- Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal (Universidade da Coruña)
- Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos (ICOG)
- Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia

DURANTE 2020 A PLATAFORMA NON DEIXOU DE CRECER, NUN ANO MARCADO POLA IMPORTANCIA DAS CANLES DIXITAIS, A REPERCUSIÓN ONLINE DE MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA INCREMENTOUSE GRAZAS Á XERACIÓN DE NOVOS CONTIDOS E DUNHA ACTIVIDADE CONSTANTE EN REDES SOCIAIS.

➤ PÁXINA WEB

A principal canle de comunicación de Minaría Sostible de Galicia é o sitio web, que transmite á sociedade xeral as principais cifras e compromisos do sector coa sociedade e co medio ambiente.

Durante 2020, no seu blog publicouse unha gran cantidade de información actualizada e

de interese xeral sobre o sector partindo de diferentes perspectivas e temáticas, cun total de 42 posts en galego e en castelán.

Un total de 45.271 persoas visitaron a páxina durante 2020, multiplicando por 3 as visitas recibidas o ano anterior.



➤ CAMPAÑAS AUDIOVISUAIS

Ademais dos contidos textuais, durante 2020 lanzáronse varias campañas audiovisuais que presentan datos de interese xeral dunha maneira dinámica, entretida e didáctica.

Estas pezas audiovisuais foron lanzadas nas redes sociais da plataforma acadando un grande alcance.



CAMPAÑA DE VÍDEOS 'SON MINEIRO' ➤

En Galicia hai máis de 11.200 profesionais relacionados co sector mineiro. Esta campaña pon rostro a algúns deles mediante 11 entrevistas persoais acerca do seu subsector e da súa actividade diaria.

CAMPAÑA DE VÍDEOS 'A IMPORTANCIA DA MINARÍA' ➤

Esta campaña é unha iniciativa para divulgar a importancia dos recursos minerais cos que contamos en Galicia, o seu peso na economía e o seu papel central na industria e na nosa sociedade mediante 12 vídeos.

CAMPAÑA DE VÍDEOS 'O USO DOS MINERAIS' ➤

Trátase de 10 vídeos que poñen de manifesto a importancia dos recursos minerais na nosa vida diaria e a súa posición como materias primas estratéxicas para o desenvolvemento e a transición cara unha economía máis verde.

CAMPAÑA DE INFOGRAFÍAS 'AS ROCHAS E MINERAIS NA VIDA DIARIA' ➤

Mediante 22 infografías explícase o papel que xogan os recursos procedentes do solo en diferentes ámbitos: nos medios de transporte, nos edificios, nos dispositivos electrónicos, etc.



➤ REDES SOCIAIS

Minaría Sostible de Galicia está presente en varios perfís sociais. Espazos de interacción co público onde se comparten tanto contidos propios como noticias de actualidade que poñen a disposición de interese xeral sobre o sector.

Durante o último ano, a repercusión dos diferentes perfís sociais que fan de altafalante da plataforma non deixou de medrar. Estes pechamos o ano co seguinte número de seguidores:



LANZAMIENTO DE INSTAGRAM ➤

Durante o primeiro ano de vida do perfil en Instagram de Minaría Sostible de Galicia, acadáronse cifras por riba das esperadas, aglutinando unha comunidade de 400 seguidores e chegando a máis de 18.220 persoas.




◦ EXERCICIO

▶ 2020





REUNIÓN MANTIDAS POLA COMG EN 2020




OUTRAS ENTIDADES, EMPRESAS E PARTICULARES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

OUTRAS ADMINISTRACIÓN

PARTICIPACIÓN EN EVENTOS



SECTOR MINEIRO: 11

OUTROS: 1

REPRESENTACIÓN DO SECTOR

Unha das principais funcións da Cámara Oficial Mineira de Galicia é a de representar ao sector empresarial mineiro de Galicia. Funciona como nexo entre subsectores e membros da comunidade mineira coa sociedade e a administración.

Pretende darlle voz e visibilidade ás necesidades e demandas do sector, así como xerar sinerxías colaborativas entre as institucións que melloren o desenvolvemento da actividade en beneficio do sector, da súa proxección institucional e da sociedade galega.

- Mantén un contacto constante coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, sendo o seu órgano tutelar.
- Mediante reunións con xefes institucionais a nivel autonómico e estatal e mediante a asistencia a foros, conferencias e eventos, defende e promove os intereses mineiros.
- Actúa como órgano consultivo da Administración fronte a calquera proceso lexislativo que poida afectar a industria mineira.
- Promociona o sector mineiro a través da investigación e a divulgación. Difunde traballos, estudos e avances realizados en relación ás actividades extractivas. Todo isto co obxectivo de dar unha imaxe transparente do sector ante a sociedade.
- Xera contidos con información actualizada e de interese para a cidadanía con relación ás actividades mineiras.

▶ PARTICIPACIÓN EN EVENTOS E REUNIONES



SINATURAS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CON GEOALCALI E A COMUNIDADE FORAL DE NAVARRA ▶

A COMG asinou un convenio de colaboración coa Comunidade Foral de Navarra e a empresa Geoalcali para promover o coñecemento do sector mineiro.

O acordo permite intercambiar información e materiais informativos, así como a realización de actividades e proxectos para a mellora do coñecemento por parte da sociedade da función e características do sector mineiro.

En representación da Comunidade Foral de Navarra, Yolanda Blanco Rodríguez, directora xeral de Industria, Energía y Proyectos Estratégicos S3, destacou a importancia destes materiais que "representan o aumento das vocacións nas carreiras STEAM nos escolares".

A empresa mineira Geoalcali estivo representada por Ricardo Pérez Medina, director de relacións institucionais.

Juan de Dios Martín Aparicio, presidente naquel momento da COMG, explicou a importancia de que "a Comunidade Foral de Navarra apoia esta iniciativa que no seu momento xa tivo o apoio da Xunta de Galicia".

A través deste acordo, a COMG proporciona a súa experiencia con unidades educativas e vídeos dirixidos a escolares, así como manuais de ensino para docentes elaborados en 2018 pola plataforma Minería Sostible de Galicia.

Pola súa banda, a COMG incorpora a experiencia de Geoalcali na divulgación de actividades mineiras, especialmente as relacionadas coa exposición itinerante "Minerais esenciais para un futuro sostible".

AS UNIDADES DIDÁCTICAS DA COMG, PRESENTES NOS COLEXIOS NAVARROS ➤

A Comunidade Foral de Navarra publicou recentemente as unidades didácticas e vídeos, así como os manuais docentes.

Navarra ten previsto empregar estes materiais nos seus colexios para dar visibilidade a este sector como un motor para a economía e o progreso.



DEBATE SOBRE A MINARÍA SOSTIBLE NA USC ➤

A comezos de ano, o daquela director da COMG, Diego López González, participou na charla 'É posible unha minería sostible?', enmarcada nos Encontros na Lúa Chea celebrados pola USC.

Diego López participou neste encontro xunto con Adela Figueroa Panisse, bióloga e escritora; ambos puxeron sobre a mesa os seus puntos de vista.

Durante o debate destacaron puntos como a estrita normativa que regula o sector no noso país, unha industria que ademais conta con grandes profesionais que fan uso de modernas técnicas cada vez máis respectuosas co medio.



PARTICIPACIÓN NA INAUGURACIÓN DA AMPLIACIÓN DO MUSEO DE QUIROGA ➤

En setembro de 2020 reinaugurouse o Museo Xeolóxico de Quiroga en Lugo. O edificio foi sometido a unha ampliación que permitiu duplicar a superficie expositiva do inmovible, así como a creación dunha aula de audiovisuais cunha capacidade de 30 persoas.

Entre as novidades destaca unha sala dedicada ás ocupacións humanas en Galicia e no territorio do xeparque.



VISITA Á MINA DE RIOTINTO EN HUELVA ▶

20 membros da COMG puideron coñecer de primeira man as modernas técnicas de produción de cobre desenvolvidas na mina de Riotinto e na planta de Atalaya Mining, na provincia de Huelva.

A comitiva estivo encabezada polo daquela presidente, José Lista; o daquela vicepresidente, Juan José López; así como o director da entidade, Miguel Ángel Fortúnez. O obxectivo desta xornada foi que empresarios, representantes da universidade, de colexios profesionais e outros

perfis da industria mineira galega coñecesen a tecnoloxía de última xeración que fai desta explotación a ceo aberto un referente europeo.

Esta viaxe tamén favoreceu as sinerxías entre os profesionais galegos e andaluces, ambos cun obxectivo común: fomentar a minaría metálica en España nun momento no que a Comisión Europea incide máis que nunca no auto-abastecemento destes materiais estratéxicos.

Metais como o cobre ou o litio son esenciais na loita contra o cambio climático e o desenvolvemento do coche eléctrico, e poden converterse no xerme dunha auténtica cadea de valor para a industria.

PARTICIPACIÓN NA MESA DE BATERÍAS ▶

A comezos do 2020, Diego López, o daquelas director da Cámara participou na Mesa de Baterías. Un encontro no que participaron profe-

sionais de diferentes ámbitos co obxectivo de definir a estrutura do sector das baterías en Galicia e identificar capacidades e sinerxías.

COLABORACIÓN NO PRIMEIRO CONGRESO VIRTUAL MUNDIAL DA MINARÍA ➤

REMIO, entidade sen ánimo de lucro con presenza en varios países de América e España, organizou o COVIDMIN, primeiro congreso virtual mundial do sector mineiro.

A COMG participou neste evento como colaborador, coa misión de dar difusión ao congreso e promover os seus obxectivos: superar a pandemia sanitaria e económica fortalecendo o sector mineiro e xerando lazos de unión que



permitan impulsar esta actividade, pilar fundamental tanto pola súa aportación de materiais esenciais como pola xeración de emprego.



COLABORACIÓN DA COMG CO CETIM ➤

Miguel Ángel Fortúnez, director da COMG e Juan José López, daquela vicepresidente e actual Presidente da entidade, reuníronse cos membros do CETIM para atopar novos puntos de colaboración enmarcados dentro do convenio asinado entre ambos organismos.

Entre as iniciativas expostas destacan puntos como a recuperación de escombresiras, a tra-

zabilidade dos recursos e a captación de fondos europeos destinados a innovación para o próximo ano.

Trátase dun primeiro paso cara ao desenvolvemento de proxectos conxuntos encamiñados á economía circular, a dixitalización e a aposta por unha industria extractiva responsable.

REUNIÓN CON PAULA URÍA, DIRECTORA XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS ▶

En decembro, o director da COMG, Miguel Ángel Fortúnez, acompañou ao delegado en Galicia do Ilustre Colexio de Xeólogos nunha reunión coa recén nomeada directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría Traba, e coa xefa de servizo de Xestión Mineira, Lucía Álvarez Márquez.

O obxectivo foi impulsar a Oficina de Recursos Minerais e Coordinación Xeolóxica. De paso, a directora coñeceu de primeira man a COMG e o seu labor como representante e portavoz do sector mineiro de Galicia.




A directora mostrou un grande interese polas accións que se están a levar a cabo para fomentar a minaría sostible na nosa comunidade. Ademais, expúxose a necesidade de impulsar a Oficina de Coordinación Xeolóxica de Galicia, centro integrado dentro da COMG, para xestionar as actividades relacionadas coas ciencias xeolóxicas.

A COMG FORMA PARTE DOS SEGUINTE GRUPOS E ENTIDADES:

- ▶ A Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.
- ▶ Padroado da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito.
- ▶ O Consello Galego de Economía e Competitividade da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.
- ▶ A Comisión de Apoio Técnico-Científico de Minas de San Finx.
- ▶ O Comité Científico e o Comité Económico e Social de Montañas do Courel.
- ▶ A Rede Europea de Minas e Canteiras Sostibles.
- ▶ A Plataforma Tecnolóxica Española de Tecnoloxías Ambientais (PLANETA).
- ▶ A Sociedade Española para a Defensa do Patrimonio Xeolóxico e Mineiro.
- ▶ The International Committee for the Conservation of the Industrial Heritage (TICCIH).
- ▶ A Plataforma Tecnolóxica Galega de Medio Ambiente (ENVITE).
- ▶ A Asociación para o Progreso da Dirección.
- ▶ Comité UNE/CTN22 Gestión Minera Sostenible. A COMG é membro do comité de UNE sobre minaría e explosivos, incluído o Subcomité Técnico de Normalización SC3 "Gestión minera sostenible".

► DEFENSA DO SECTOR



Dentro das funcións da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG), que están recollidas nos artigos 5 e 6 do seu Regulamento de Réxime Interior, está a de "propoñer reformas lexislativas que contribúan ao fomento da minaría". Para iso, unha das principais actividades da xunta directiva, dos comités de traballo e do equipo técnico durante 2020 foi a defensa dos intereses da minaría diante dos distintos reguladores.

A COMG mantén un contacto continuo e estreito coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, que como Administración mineira é o seu órgano tutelar. Así mesmo mantén un seguimento constante das actividades doutras administracións que poden afectar á actividade, como a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; así como coas administracións locais.

MONITORIZACIÓN DA ACTIVIDADE LEXISLATIVA ▶

As administracións públicas xeran ao longo do ano un elevado volume de decretos, regulamentos e leis que afectan á actividade extractiva. Para realizar un seguimento da actividade dos reguladores, a COMG destina importantes recursos técnicos e humanos.

O equipo técnico da COMG destinou durante 2020 máis de 200 horas de traballo a reco-

lectar información dos distintos soportes de comunicación pública, como o Diario Oficial da Unión Europea, o Boletín Oficial do Estado (BOE), o Diario Oficial de Galicia (DOG), así como os Boletíns Provinciais (BOP) das catro provincias. Tras este meticuloso labor de monitorización da actividade lexislativa, a COMG procede a tomar as medidas necesarias para a defensa dos intereses do sector. Infórmase ao Comité de Normas, para que analice os textos legais e emita recomendacións á xunta directiva.

GALICIA, PIONEIRA EN LEXISLAR O USO LÚDICO DE AUGAS TERMAIS ▶

Febreiro foi o mes elixido para levar a cabo a implantación da 'Lei de Regulamento de Augas Termais de Galicia'. Trátase dunha norma pioneira que permite a Galicia contar cun marco normativo moi completo de augas termais, capaz de impulsar un crecemento gradual cunha orde e seguridade do sector moi marcadas.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia mostrou o seu total apoio a esta nova lei ao traballar conxuntamente coa Asociación Galega da Propiedade Balnearia, na súa condición de membro. E así mesmo participou en diferentes reunións coa intención de colaborar neste novo regulamento.

Esta norma marca un antes e un despois no que se refire ás augas termais xa que, ata o de agora, só había normas relacionadas cos usos terapéuticos reguladas por unha lei do ano 1995.

Dadas as novas esixencias de atribuír as augas a un uso lúdico, foi necesario regular a súa utilización favorecendo o desenvolvemento baseado en novos proxectos turísticos con fins de dispersión. Esta normativa permite:



- ▶ Garantir a sustentabilidade ambiental das augas termais
- ▶ Garantir que a calidade e a hixiene permanezan constantes
- ▶ Protexer a súa integridade en termos de recursos naturais, patrimoniais, turísticos e lúdicos
- ▶ Promover o desenvolvemento económico e social.

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO >

O equipo técnico da COMG ten un programa de seguimento das normas de ordenación territorial que se van poñendo en fase de información pública, co obxecto de informar aos socios que posúan dereitos mineiros concernidos, avaliar o posible impacto que as novas propostas poidan ter neles, e presentar alegacións se fose oportuno.

Despois das correspondentes análises e de efectuar consultas con socios da COMG concernidos por cada un dos plans, presentáronse alegacións aos seguintes Plans Xerais de Ordenación Urbana (PXOM) e Plans Básicos Municipais (PBM).

- > Concello de Cariño (A Coruña)
- > Concello de Triacastela (Lugo)
- > Concello de Ribeira de Piquín (Lugo)
- > Concello de Ordes (A Coruña)

Así mesmo, durante 2020 actualizáronse dentro do censo catastral 2 dereitos de explotación na Coruña, 16 en Lugo, 7 en Ourense e 28 en Pontevedra. Esta actualización está dentro do servizo de notificación de actualizacións do censo da COMG.





PLAN BÁSICO AUTONÓMICO >

En 2018 aprobouse o Plan Básico Autonómico (PBA), un instrumento urbanístico formulado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co obxectivo de plasmar sobre o territorio a complexa realidade da normativa sectorial e dos instrumentos de ordenación do territorio.

Durante 2020, a directora xeral da devandita consellería solicitou á COMG os seguintes certificados de dereitos mineiros do Catastro Mineiro de Galicia:

- > Concello de Trabada (Lugo)
- > Concello de Riotorto (Lugo)
- > Concello de Padrenda (Lugo)
- > Concello do Páramo (Lugo)
- > Concello de Cartelle (Lugo)
- > Concello de Triacastela (Lugo)
- > Concello de Ribeira de Piquín (Lugo)
- > Concello de San Xoan de Río (Ourense)
- > Concello de Porqueira (Ourense)



'FOLLA DE RUTA PARA A XESTIÓN SOSTIBLE DAS MATERIAS PRIMAS MINERAIS'

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico lanzou en 2020 a consulta pública previa da Folla de Ruta para a xestión sostible das materias primas minerais que terá por obxecto establecer as bases para impulsar a subministración de materias primas minerais autóctonas en España dunha maneira máis sostible, eficiente, e que maximice os beneficios ao longo da cadea de valor.

A COMG participou na elaboración dun documento conxunto con PRIMIGEA e as demais asociacións sectoriais do territorio nacional. Trátase dunha recompilación de comentarios e alegacións acerca desta folla de ruta do MI-TECO, coa meta de manifestar a posición do sector. Xa que esta folla debería servir para que as empresas extractivas poidan desenvolver a súa actividade nun contexto que propicie a exploración, a explotación e a posta en valor dos recursos minerais.

LEI DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA ▶

En 2020, a Xunta de Galicia redactou o borrador de Proposición de Lei de Simplificación Administrativa e apoio á Reactivación Económica de Galicia. Unha normativa que pretende cambiar a cultura administrativa para favorecer o emprendemento nun momento en que os diferentes sectores notan as consecuencias económicas da pandemia, mediante accións para evitar duplicidades en procedementos administrativos; axilizar a tramitación de proxectos e investimentos; ofrecer medidas de apoio

a iniciativas empresariais e axilizar a tramitación de proxectos europeos.

A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría, mantivo xa en xaneiro de 2021 unha reunión en liña con representantes do sector mineiro galego para avaliar as novidades que vai supoñer a futura Lei de reactivación económica de Galicia tendo en conta as alegacións presentadas pola entidade.



ASISTENCIA TÉCNICA

A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) cumpre unha función básica no sector da minaría en Galicia achegando información útil e actualizada sobre todos os aspectos legais, administrativos e técnicos que rodean á minaría. A COMG atende consultas formuladas tanto polos seus socios, como pola Administración, empresas mineiras, entidades relacionadas coa minaría, particulares concernidos e medios de comunicación.



CONSULTAS TÉCNICAS ATENDIDAS

289



37
ADMINISTRACIÓN

118
MEMBROS


97
EMPRESAS

30
PARTICULARES

7
ENTIDADES

DOCUMENTOS EMITIDOS

136



9
CEEI

13
INTERNO

9
CMAOT

42
OUTROS

3
MITECO

LANZAMIENTO DO NOVO CATASTRO MINEIRO DE GALICIA ➤

O Catastro Mineiro de Galicia é unha aplicación web na que se describe a situación xeográfica e administrativa dos dereitos mineiros existentes na comunidade.

É unha ferramenta desenvolta pola COMG e a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Xunta de Galicia. Serve

de apoio á planificación mineira e ordenación do territorio, favorecendo o aproveitamento ordenado e eficiente dos recursos minerais, así como facilitando a harmonización e compatibilización da minaría con outros usos do solo.

Tras meses de traballo, en novembro lanzouse un novo visor do catastro, cunha tecnoloxía que permite a súa correcta visualización en dispositivos móbiles e en calquera navegador web, así como unha navegación máis sinxela e intuitiva para aqueles que o desexen consultar.

APOIO Á IMPLANTACIÓN DAS NORMAS UNE NAS EXPLOTACIÓNS MINEIRAS ➤

A Administración mineira galega apóiase na Cámara Oficial Mineira de Galicia para a promoción e o asesoramento entre as empresas extractivas das normas UNE 22470: 2019 '*Sistema de xestión mineiro-mineralúrxica-metalúrxica sustentable. Indicadores*', e UNE 22480: 2019 '*Sistema de xestión mineiro-mineralúrxica-metalúrxica sustentable. Requisitos*'.

Estas normas foron publicadas en maio de 2019 por AENOR, en cuxa elaboración participou desde 2013 a COMG como integrante do Subcomité Técnico de Normalización SC3 'Gestión minera sostenible'.

Tamén en 2019, a Cámara e Pedra Ingeniería implantaron as normas en Caolines de Vimianzo (CAVISA) e acompañaron a esta empresa no seu proceso de certificación, converténdose na primeira empresa española en obter as renovadas normas. Coa intención de animar a máis empresas do sector a seguir o mesmo camiño, a COMG levou a cabo en 2020:



- O deseño e desenvolvemento dunha web para a difusión de información de interese sobre sistemas de xestión mineira sustentable e sobre os requisitos necesarios para a súa certificación.
- A definición de procedementos de asesoramento e acompañamento ás explotacións mineiras no proceso de implantación e certificación de sistemas de xestión mineira sustentable.
- Elaboración de propostas de medidas para a incentivación dende o sector público da implantación de sistemas de xestión mineira sustentable.

► MEDIO AMBIENTE E INTEGRACIÓN DO TERRITORIO

PRESENTACIÓN DA GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA A INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA DAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS ►

A 'Guía de Boas Prácticas para a Integración Paisaxística das Actividades Extractivas' supón o noveno dos dez títulos da Colección da Paisaxe Galega. Unha ferramenta útil para continuar desenvolvendo unha minaría sostible en Galicia. Trátase dun documento práctico que nace do convenio de colaboración asinado hai dous anos pola Cámara Mineira coa Consellería de Economía, Industria e Emprego; a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través do Instituto de Estudos do Territorio; e a Universidade de Vigo.

A guía foi presentada no Hotel Oca Porta do Camiño por Ángeles Vázquez, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; José Lista Tasende, presidente daquela da COMG; e Javier Taboada, catedrático da Universidade de Vigo.

José Lista Tasende foi o encargado da apertura da presentación. "Do mesmo xeito que

o resto de actividades primarias, a minería é unha actividade estreitamente ligada ao territorio, que fixa poboación en zonas rurais. Polo que a sustentabilidade e o respecto polos valores naturais, paisaxísticos e socioeconómicos son condicións inherentes a ela", afirmou José Lista.

Pola súa banda, Ángeles Vázquez remarcou que en Galicia hai "fantásticos exemplos de como a actividade extractiva pode ser compatible coa paisaxe". Así, avoga pola "minaría de transferencia", de forma que cando se abra un oco hai que "ir pechando o anterior".

O catedrático da Universidade de Vigo e xefe do equipo redactor da guía, Javier Taboada, foi o encargado de falar destas recomendacións e as partes máis técnicas do contido do documento,



PATRIMONIO

PUBLICACIÓN DE ROTEIROS MINEIROS

A Cámara Oficial Mineira de Galicia impulsou co apoio da Xunta de Galicia a edición e impresión de 4 roteiros xeomineiros.

Estes roteiros, situados nas catro provincias galegas, pretenden favorecer o coñecemento e a posta en valor de varias zonas de gran interese xeolóxico, paisaxístico e mineiro.

Os interesados poderán descubrir a través de roteiros de sendeirismo a íntima relación que gardan o territorio galego e o sector mineiro; e como esta actividade moldeou a cultura, a paisaxe, a sociedade e a economía galegas, formando un patrimonio único que é posible visitar.

Estes roteiros, dispoñibles en edición impresa, atópanse tamén na web patrimonio.camaraminera.org e localízanse nos seguintes municipios:

- Boborás (Ourense):
Roteiro das minas de Brués
- Lousame (A Coruña):
Roteiro de San Finx
- Lalín (Pontevedra):
Roteiro das minas da Trigueira
- A Pontenova (Lugo):
Roteiro de Vilaoudriz



➤ SEGURIDADE E SAÚDE

ITC. 02.0.01 'DIRECTORES FACULTATIVOS' E 02.1.01 'DOCUMENTO SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE' ➤



En marzo de 2020 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Orde TED/252/2020 pola que se modifican as Instrucións Técnicas Complementarias 02.0.01 'Directores Facultativos' e 02.1.01 'Documento sobre Seguridade e Saúde'.

Así mesmo, derogouse a Instrución Técnica Complementaria 09.0.10 'persoal de montaxe, explotación e mantemento', do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira.

Esta modificación da ITC pretende:

- Concretar e clarificar as funcións da dirección facultativa, así como o seu encaixe na organización preventiva da empresa, equiparándoo coa persoa responsable.
- Substituír o réxime de autorización do nomeamento da dirección facultativa por parte da Autoridade Mineira polo réxime de comunicación, recollido sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio.
- Determinar a través do documento sobre Seguridade e Saúde a forma de dispoñer a vixilancia dos postos de traballo e de levar a cabo a presenza dos recursos preventivos.

A citada orde establece que "O empresario ten o deber de comunicar á autoridade mineira a designación da dirección facultativa do centro de traballo. A comunicación acompañarase da aceptación do cargo por parte da dirección facultativa e terá o contido mínimo previsto nos anexos I e II da presente instrución técnica". Esta designación foi presentada polas empresas á Dirección Xeral, a COMG encargouse de remitir os modelos de comunicación para facer efectivos os nomeamentos.



► FORMACIÓN

A COMG fomenta o ensino da minaría e a cualificación dos profesionais do sector, tanto a través da formación regulada como de accións formativas puntuais.

O obxectivo é garantir unha constante actualización dos coñecementos precisos, en especial no ámbito da prevención de riscos laborais. Desta forma os traballadores do sector poden levar a cabo os seus labores con seguridade e

eficiencia, adaptándose ás técnicas máis modernas que ofrece a Industria 4.0.

A COMG participa de forma estreita na vida universitaria galega, particularmente con dúas institucións, o Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal, adscrito á Universidade da Coruña, e a Universidade de Vigo, en especial coa Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.



CURSOS DE FORMACIÓN PREVENTIVA

227 alumnos beneficiáronse dos cursos de formación preventiva para traballadores do sector mineiro impulsados pola COMG.

Algunhas destas formacións son obrigatorias e habilitantes, enmarcadas dentro da ITC 02.1.02 do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira. Mentres que outras formacións de PRL (Prevención de Riscos Laborais) son voluntarias e están relacionadas con riscos de seguridade, hixiénicos e ergonómicos.

Todos os cursos teñen carácter gratuíto, xa que están subvencionados polas axudas á seguridade mineira co apoio da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas (Ministerio para a Transición Ecolóxica).

Durante 2020, foron un total de 227 persoas as que recibiron algún destes cursos, con 129 alumnos nas formacións obrigatorias:

- Formación preventiva para operadores de maquinaria de transporte, camión e volquete, en actividades extractivas de exterior.
- Formación preventiva para operadores de maquinaria de arranque.



- Formación preventiva para operadores de plantas e oficinas.

E 98 alumnos nas formacións opcionais: Condicións do terreo e o seu control.

- Simulacros de evacuación en caso de emerxencia.
- Primeiros auxilios.

A COMG leva organizando este tipo de cursos desde 2009, sumando desde entón un total de 2.112 participantes.

CICLO DE FORMACIÓN PROFESIONAL EN ESCACAVIÓNS E SONDAXES

Galicia carece de centros de Formación Profesional en industrias extractivas, por iso co obxectivo de ampliar a oferta formativa relacionada co sector, a COMG e Arigal levan anos tratando de implantar o ciclo de Formación Profesional en Escavacións e Sondaxes.

► COMUNICACIÓN

A COMG CONTA CUN EQUIPO DE COMUNICACIÓN QUE SE ENCARGA DAS RELACIÓNS INTERNAS CON MEMBROS E SOCIOS E COA SOCIEDADE A TRAVÉS DE DISTINTAS CANLES.

ASÍ, EN 2020 ATENDÉRONSE UN GRAN NÚMERO DE SOLICITUDES DE INFORMACIÓN DE MEDIOS DE COMUNICACIÓN E EMITÍRONSE 9 NOTAS DE PRENSA. DERIVADAS DELAS, DISTINTOS MEDIOS REFLEXARON INFORMACIÓNS SECTORIAIS DA COMG, ASÍ COMO ENTREVISTAS CO PRESIDENTE E O DIRECTOR.



PÁXINA WEB >

O sitio web da COMG é unha ferramenta que serve como canle de comunicación para manter informados aos profesionais do sector extractivo, así como ventá para expoñer á sociedade as diferentes accións da entidade.

Ademais das diferentes seccións que se actualizan tendo en conta o calendario da Cámara, no blog do sitio web xéranse constatemente contidos de interese para os membros en galego e en castelán. Este último ano foron publicados un total de 106 posts.

MANTEMENTO DAS REDES SOCIAIS >

Os perfís de LinkedIn, Twitter e Facebook da Cámara son concibidos como lugares de interacción coa comunidade mineira e con todas aquelas persoas relacionadas de forma indirecta co sector.

Durante 2020, estas redes sociais incrementaron o seu número de seguidores e o seu impacto:



34.643 PERSOAS
VIRON O PERFIL DA COMG



9.372 PERSOAS
VIRON O PERFIL DA COMG



3.888 PERSOAS
VIRON O PERFIL DA COMG



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

